



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA E O CONCELLO DE XOVE PARA A REALIZACIÓN DE ACTUACIÓN S DE COMPENSACIÓN E REEQUILIBRIO AMBIENTAL E TERRITORIAL, E PAISAXÍSTICO, FINANCIADO NO MARCO DO FONDO MINEIRO AMBIENTAL E PAISAXÍSTICO (FOMAP)**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta consellería formalizou co Concello de Xove o convenio arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto regular a colaboración entre ambas administracións para o financiamento da execución material das actuacións dirixidas á recuperación do medio natural e da paisaxe, así como á mellora das condicións socioeconómicas e do desenvolvemento sustentable do municipio.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria (DOG. Núm. 101, de 27.05.2024), configura a esta consellería (en adiante CEI) como o departamento da Xunta de Galicia ao cal lle corresponde o exercicio das competencias e funcións nos ámbitos de promoción e dinamización da actividade mineira e do aproveitamento dos recursos minerais.

As competencias en materias de minas están atribuídas á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Minas e a este centro directivo correspóndelle, en particular, o fomento de plans, programas, medidas e incentivos económicos orientados ao desenvolvemento, á innovación, ao incremento da competitividade e á internacionalización do sector mineiro de Galicia.





Segundo dispoñen os artigos 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 80.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, os municipios poderán promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños.

O Concello de Xove, entidade local territorial de Galicia, na súa calidade de Administración Pública serve con obxectividade aos intereses públicos que ten encomendados e actúa de acordo cos principios de eficacia e servizo aos cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á Lei e ao dereito.

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, consonte ao disposto nos artigos 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEI, no financiamento das ditas actuacións.

A CEI achegará a través dun convenio de colaboración a cantidade de UN MILLÓN DE EUROS (1.000.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria **09.04.734A.760.2** "valorización recursos nos concellos", proxecto 2019/00014, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, para axeitada execución das actuacións obxecto do convenio.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Minas

Pablo Fernández Vila

